

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, E O COLEXIO OFICIAL
DE ARQUITECTOS DE GALICIA, PARA ELABORAR O PROTOCOLO DE APLICACIÓN E
DESENVOLVEMENTO DE EXEMPLOS DE UTILIZACIÓN DA GUÍA DE COR E MATERIAIS DAS
DOCE GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS DE GALICIA**

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, a señora dona Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 217, do 14 de novembro de 2016, e en relación co establecido no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia, facultada polo disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e coma Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos.

E doutra, don Antonio Maroño Cal, na súa condición de Decano-Presidente do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 11 dos Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior, aprobados polo RD 327/2002, do 5 de abril, BOE nº 95 do 20 de abril, e artigo 38 a) dos seus Estatutos Particulares, aprobados por Decreto 105/2016, de 21 de xullo, DOG nº 156 de 12 de agosto.

As dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do Instituto de Estudos do Territorio, organismo creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes

en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, exerce entre outras funcións, a da posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia, tales como os catálogos e as directrices de paisaxe, así como a recollida no artigo 10 f) da Lei 6/2007, do 11 de maio, modificado pola lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.



A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 7.3 que a Comunidade Autónoma de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración cos Colexios Profesionais para a realización de actividades de interese común e para a promoción de actuacións orientadas á defensa do interese público e, en especial, dos usuarios dos servizos profesionais dos Colexiados.



O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, desde fai hai anos, vén desenvolvendo cometidos de recolleita de información e aposta tecnolóxica, sobre temas de interese da edificación, urbanismo e a paisaxe para os seus Colexiados e para o público en xeral, así como colaborando coa Xunta de Galicia.

TERCEIRO

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, conforme o Convenio europeo da paisaxe, aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000 a proposta do Consello de Europa, que entrou en vigor o 1 de marzo de 2004, e foi ratificado polo Estado español mediante o Instrumento do 28 de xaneiro de 2008.

O artigo 5 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, establece que os poderes públicos de Galicia velarán para que, no ámbito das súas competencias, se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe e, no seu capítulo III, establece os instrumentos para conseguilo. Entre eles, os catálogos da paisaxe, definidos no seu artigo 9 como os documentos de referencia que, apoiándose nas distintas áreas xeográficas, morfolóxicas, urbanas e litorais existentes no territorio galego, deberán delimitar, con base nos diferentes estudos e traballos existentes na materia, as grandes áreas

paisaxísticas de Galicia, identificando os diversos tipos de paisaxe existentes en cada unha delas e as súas características diferenciais. O contido dos catálogos da paisaxe aparece recollido neste mesmo artigo.

A disposición derradeira segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, modifica o artigo 10 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e establece que é función do Instituto de Estudos do Territorio, entre outras a de delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.

CUARTO

Que en data 21 de xuño de 2016 a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a través do Instituto de Estudos do Territorio, e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) asinaron un convenio de colaboración relativo á convocatoria dun concurso para o desenvolvemento dunha guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia

Como resultado da execución deste convenio, obtivéronse doce traballos, un por cada unha das doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia. Trátase de traballos de carácter eminentemente técnico, acorde coas estipulacións do antedito convenio.

Coa intención de que estas doce guías teñan a máxima utilidade práctica, e tendo presente o feito de que na actualidade estase tramitando o borrador das Directrices de paisaxe de Galicia, elaboradas ao abeiro da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, cuxo contido garda unha estreita relación co das guías, cómpre desenvolver un traballo de comprobación e extrapolación dos resultados obtidos, co fin de elaborar o protocolo de aplicación e desenvolvemento de exemplos de utilización da guía de cor e materiais das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia.

QUINTO

Que é de interese común de ambas partes, actuar de forma coordinada na realización de traballos de natureza técnica e documental que permitan investigar e avanzar no desenvolvemento de documentos de apoio para a súa posterior aplicación práctica na paisaxe de Galicia, para a súa utilización pola propia Consellería, por todos os profesionais interesados, e pola sociedade galega en xeral.



SEXTO

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia presenta, polo tanto, unha sintonía cos obxectivos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como complementariedade dos medios e mecanismos concorrentes para a súa consecución, quedando acreditada a súa representatividade no ámbito obxectivo do convenio atendendo ás seguintes circunstancias:

- que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ten entre os seus fins esenciais de acordo co establecido nos seus Estatutos, realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que considere oportunas ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei.
- que o ámbito territorial do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia abrangue o de toda a Comunidade Autónoma de Galicia con carácter de Colexio Profesional único, e, como tal, asume para a profesión as funcións atribuídas ós Consellos Galegos de Colexios, e atendendo á súa representatividade, derivada do deber de colexiación como requisito legal para o exercicio da profesión de Arquitecto en Galicia.

O obxecto deste convenio, constitúe un traballo que dende o punto de vista técnico debe desenvolverse por arquitectos dado que as súas atribucións profesionais conxugan os aspectos relativos á construción cos que atinxen á consideración estética e compositiva, propia das artes, sendo máis evidente esta necesidade na medida en que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia foi o encargado de acadar os resultados para desenvolver a guía de cor e materiais.

Así ao abeiro de todo o exposto, no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes outorgan o presente convenio de colaboración con base ás seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é elaborar o protocolo de aplicación e desenvolvemento de exemplos de utilización da guía de cor e materiais das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia a través dun traballo exhaustivo de análise e procesamento do material acadado no desenvolvemento do convenio de colaboración, formalizado o 21/06/2016, para desenvolver a guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de



Galicia, de xeito que poidan ser extrapolados, acadando así a homoxeneización, a simplificación e a unificación dos criterios aplicados a través dun documento final de posta en práctica que sirva para concretar o alcance normativo das medidas a adoptar, en congruencia e complementariedade co contido das Directrices de paisaxe de Galicia que se están elaborando.

De conformidade co exposto, o documento correspondente á publicación final do protocolo de aplicación deberá incluír, como mínimo, os seguintes contidos:

Introdución; obxecto da guía, xustificación, encaixe na Estratexia da Paisaxe Galega, convenio, equipos e análise de experiencias previas

- Metodoloxía: criterios metodolóxicos xerais (recollida de información, análise, elaboración de proposta), estrutura das fichas de recollida de datos e propostas, variantes metodolóxicas
- Descrición xeral e diagnose por cada grande área paisaxística (en adiante GAP); descrición xeral das características da GAP, síntese dos trazos caracterizadores da GAP en canto a materiais e cores das construcións, anexos de fichas de recollida de datos
- Guía/proposta protocolizada de materiais e cores para cada GAP: introdución xeral (carácter da guía, alcance, destinatarios, forma de utilización e aplicación), criterios e recomendación xerais para a selección de materiais e cores, carta de cores e materiais para cada GAP (carta de cores e materiais, carta de combinación, casos particulares), desenvolvemento de exemplos de aplicación das guías (nova construción en núcleos urbanos ou rurais e en ámbitos periurbanos e rururbanos, nova construción en solo rústico, nova construción en polígono industrial, intervencións en construcións existentes)

SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS

Para o desenvolvemento dos traballos constituirase unha comisión de traballo, descrita no Anexo II, na que estarán representados os equipos contratados no concurso celebrado de acordo co establecido no convenio de colaboración, formalizado o 21/06/2016 para o desenvolvemento dunha guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia.

Esta comisión derivará a cada grupo de traballo as tarefas que se estimen necesarias para acadar o obxecto do presente convenio, e todos os membros coñecerán o alcance dos traballos a realizar no seu propio equipo e nos restantes, coa finalidade de favorecer a integración dos resultados.

A guía debe aspirar a converterse nun documento accesible que poida ser manexada de forma áxil tanto por técnicos como por promotores e usuarios, de xeito que se acade unha elevada difusión e popularización e se determinen as pautas para a súa aplicabilidade e alcance vinculante.

Para isto cómpre interpretar os resultados obtidos en cada unha das 12 grandes áreas paisaxísticas de Galicia, unificando os criterios aplicables ás comarcas de características edificatorias similares e tratando de que as zonas de aplicación de cada conxunto de determinacións coincidan cos termos municipais para facilitar así a súa posta en práctica dun xeito racionalizado e sistemático.

Do mesmo modo, os traballos procurarán que tipoloxías específicas como a arquitectura indiana ou a arquitectura racionalista, sexan tratados como fenómenos culturais transversais, intimamente relacionados con fenómenos sociais, culturais ou históricos; así como as recomendacións para aquelas edificacións que non se adaptan ás estipulacións da guía.

Por cuestións de eficiencia, racionalidade e coherencia, corresponderá aos equipos contratados polo COAG a través do concurso previsto no convenio de colaboración, formalizado o 21/06/2016, relativo á convocatoria dun concurso para o desenvolvemento dunha guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia o desenvolvemento dos traballos obxecto do presente convenio, sendo o COAG o responsable da súa elaboración.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, obrígase en función do presente Convenio a:

- Contratar os equipos seleccionados para os traballos que conforman o obxecto do presente convenio así como a posta a disposición destes traballos ao IET.
- Nomear un coordinador dos traballos da comisión, coa responsabilidade de formular conclusións e a dirección da maquetación da publicación final.
- Facer o seguimento das entregas dos traballos contratados para que cheguen a bo fin.
- Poñer a disposición do IET os traballos realizados en formato editable Libre Office.
- Elaborar un borrador do traballo ao remate de cada mes e a coordinación no terceiro mes da futura publicación.
- Aboar os traballos unha vez finalizados de conformidade coas bases .

Entregar ao IET a publicación do protocolo na súa versión final, revisada, maquetada e lista para ser editada e publicada de conformidade co contido mínimo previsto na cláusula primeira do presente convenio. Este documento entregárase en formato editable Libre Office ou similar con imaxes en formato: .jpg, .jpeg, .tiff, .png, .bmp, co mellor deseño gráfico que contribúa a estruturar e organizar o contido da guía, co fin de convertela nunha ferramenta útil que sexa asumida con facilidade polos usuarios e polos técnicos e na que, ademais de recollerse de forma resumida a xustificación da proposta de materiais e cores, se leve a cabo unha labor pedagóxica, explicando tanto os obxectivos da guía como os beneficios para a sociedade que supón a calidade da paisaxe e a conservación/recuperación da imaxe dos núcleos rurais e urbanos para a súa posterior traslación a unha diferente tipoloxía de instrumentos normativos.

CUARTA. COMPROMISOS DO IET

O IET, obrígase en función do presente Convenio a:

- Nomear un representante técnico con capacidade de decisión para asistir aos traballos da comisión.
- Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria
- Contribuír financeiramente á compensación dos gastos asumidos polo COAG, de conformidade coa cláusula quinta.

QUINTA. FINANCIAMENTO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do Instituto de Estudos do Territorio, co fin de facilitar a execución conxunta das accións, aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade máxima de 48.000,00 € (corenta e oito mil euros), coma achega pola realización das accións e gastos en que incorra o COAG, a aboar, con cargo á aplicación orzamentaria 07 81 541E 6401 (código de proxecto 2014 00003).

O importe máximo a aportar polo IET desglósase do seguinte xeito:

- Contratación polo COAG dos equipos, para que durante 3 meses, analicen e procesen o material acadado no desenvolvemento do Convenio formalizado o 21/06/2016 para elaborar o protocolo de aplicación e desenvolvemento de exemplos de utilización da guía de cor e materiais das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia, no senso de homoxeneizar, simplificar e unificar a aplicabilidade da guía: ata 33.000 €.
- Labores de coordinación polo COAG durante 3 meses das actuacións desenvolvidas: ata 12.000 €.

- Maquetación e deseño: ata 3.000,00 €.

Unha vez executados e facturados os traballos polos equipos contratados, o IET aboará ao COAG o custo dos mesmos co límite establecido no apartado anterior.

SEXTA.- ORZAMENTO E PAGAMENTO

O orzamento e pagamento deste convenio está desagregado no Anexo I.

Para a realización dos pagamentos por parte do IET, o COAG presentará a seguinte documentación:

- Factura do COAG por cada unha das actuacións.
- Xustificantes de gasto polas accións realizadas (contratos, facturas, nóminas etc)
- Informe detallado de todas as actuacións e dos gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.
- Certificado asinado polo Decano do COAG onde se exprese que por parte do Colexio Oficial de Arquitectos se realizaron a totalidade das actividades, obxecto do convenio, e que se cumpriron todas as súas obrigas.
- Documentos en formato papel e electrónico.
- Traballo desenvolto en formato editable Libre Office ou similar e imaxes en formato jpg, .jpeg, .tiff, .png, .bmp.

SÉTIMA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes, será compartida polas dúas partes asinantes deste convenio: a Consellería de Medio Ambiente e o COAG, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

OITAVA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de 6 meses, salvo prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.

No Anexo II establécense os prazos concretos de desenvolvemento.

NOVENA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e o Instituto de Estudos do Territorio e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade

algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

DÉCIMA. PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

UNDÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión mixta de seguimento, composta por dous membros de cada unha das entidades asinantes. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.

Esta comisión mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio

A comisión mixta de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:



- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

DÉCIMOTERCEIRA.- COMPETENCIAS DE INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1 d) do texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación. Non obstante, de conformidade co disposto expresamente no artigo 4.2, seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente referenciada para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse para o seu efectivo cumprimento.

Este convenio rexerase polas súas propias cláusulas e de xeito supletorio, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data ao comezo citado.

Pola Xunta de Galicia

A Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Presidenta do IET

Beatriz Mate Otero

Polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

O Decano-Presidente

Antonio Maroño Cal




 Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

ANEXO I ORZAMENTO E PAGAMENTO

Determinase coma data límite de xustificación o quinto mes dende a data da sinatura do convenio .

Desglose do orzamento de cada actuación:

<i>Accións</i>	<i>Número</i>	<i>Custe unitario</i>	<i>Custe Total</i>
Contrato para o desenvolvemento dos traballos	6 equipos	5.500,00	33.000,00
Coordinación do traballo por parte do COAG	3 meses	4.000,00	12.000,00
Maquetación e deseño da guía por parte do COAG	1 edición	3.000,00	3.000,00
Total orzamento (IVE incluído)			48.000,00




 **COAG** Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

ANEXO II

I.- COMISIÓN DE TRABAJO

Para o seguimento dos traballos crearase un comisión de traballo formada polos seguintes membros:

- Un representante técnico do IET con capacidade de decisión, que dirixirá o traballo.
- Un representante de cada un dos equipos contratados polo COAG.
- Un representante do COAG, que coordinará os traballos, coa responsabilidade de formular conclusións e a dirección da maquetación da publicación final.

Esta comisión ten por obxecto unificar criterios de cara a acadar un documento homoxéneo e unificado para elaborar o protocolo de aplicación e desenvolvemento de exemplos de utilización da guía de cor e materiais das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia.

II.- PRAZOS

- Contratación dos equipos: 10 días naturais dende o día seguinte ao da sinatura do presente convenio.
- Entrega dos traballos: Os traballos entregaranse nun prazo estimado de 3 meses, de acordo co seguinte cronograma de fitos parciais e levarase a cabo unha revisión quinquenal dos traballos, coa elaboración dun borrador destes ao remate de cada mes:
 - 10 días: Planificar as actuacións co desenvolvemento dos fitos parciais adaptado ás seguintes entregas.
 - 1 mes: Elaborar un borrador de documento que inclúa a estrutura e o índice deste, así como o contido básico da memoria (segundo o disposto na cláusula primeira do convenio).
 - 2 meses: Elaborar un borrador de contidos para as 12 grandes áreas paisaxísticas de Galicia.
 - 3 meses: Elaborar o documento definitivo, revisado, maquetado e listo para ser editado e publicado, co contido mínimo establecido na cláusula primeira do convenio, no que se inclúan tanto a memoria como os anexos. Este documento deberá ser entregado en formato editable (Libre Office ou similar) e as imaxes incluídas nel deberán ser entregadas como arquivos de imaxe independentes (.jpg, .jpeg, .tiff, .png, .bmp). Al longo deste terceiro mes o COAG coordinará e efectuará o seguimento da futura publicación.

